

CASTROVERDE

Anuncio

O Pleno do Concello de Castroverde, en sesión extraordinaria celebrada o día 15 de xullo de 2015, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 10/2015, segundo baixo a modalidade de suplemento de crédito con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 19.045 euros.

O expediente exponse ao público polo prazo de quince días, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, podan formularse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, a 15 de xullo de 2015.- O Alcalde-Presidente, Xosé Mª Arias Fernández

R. 2981

CERVANTES

Anuncio

O Pleno do Concello de Cervantes en sesión extraordinaria celebrada o día 17 de xullo de 2015, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 7/2015 , baixo a modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, destinados a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sostible por importe de 23.307,77 €. Así mesmo, aprobouse a modificación do o Anexo de investimentos do orzamento 2015.

O expediente exponse ao público polo prazo de quince días, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, podan formularse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

De conformidade co acuerdo adoptado, o expediente considerase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Cervantes, 17 de xullo de 2015.-O Alcalde-Presidente, Benigno Gómez Tadín

R. 2982

FRIOL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día vinte de xullo do corrente, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns correspondentes ao segundo trimestre do ano 2015:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, pone en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o quince de agosto e o quince de outubro de dous mil quince, ambos inclusive.

- Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllas cargados nas contas bancarias respectivas, o día dous de setembro de dous mil quince, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, donde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixirase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 22 de xullo de 2015.- O ALCALDE,

R. 3001

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 10 de xullo do actual, acordou a adxudicación do contrato da cafetería do club fluvial de Friol. O que se fai público, aos efectos previstos no Real Decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei de contratos do sector público.

1.- Entidade adxudicataria.- A Xunta de Goberno do Concello, na sesión de 10 de xullo do actual, adxudica a José Manuel Corral Santos, polo importe de 250 euros mensuais mais o ive e de conformidade coa oferta presentada no referente á organización do servizo, plan de traballo, medios materias, réxime de apertura e horarios e difusión do concello.

2.- Obxecto do contrato.- Cafetería do club fluvial de Friol.

3.- Procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación (oferta económica e organización do servizo e plan de traballo)

4.- Formalización.- 16 de xullo do actual.

Friol a 21 de xullo de 2015.- O Alcalde

R. 3002

Anuncio

En cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, públicase o presente anuncio aos efectos de dar publicidade á inscrición nos Rexistros de Intereses das declaracíons de bens e dereitos, así como das causas de posible incompatibilidade dos membros da Corporación do Concello de Friol que resultaron elixidos nas Eleccións Municipais de 24 de maio de 2015, así como dos membros da Corporación cesantes que presentaron as mesmas.

Faise constar que as declaracíons, cumplimentadas en formato papel, estarán dispoñibles na Secretaría do Concello, para calquera ciudadán a título individual ou persoa xurídica que desexe ter acceso ás mesmas, que deberá presentar unha solicitude que reúna os requisitos establecidos no art. 70 da lei 30/1992, por calquera dos medios do art. 38 da devandita lei, con indicación dos datos do membro corporativo cuxa declaración desexe consultar. As solicitudes xenéricas non serán admisibles. Por Resolución da Alcaldía autorizarase o acceso, sinalando día e hora para facelo efectivo, mediante comparecencia na Secretaría do concello, do que se lle dará traslado ao concelleiro/a interesado/a, para o seu coñecemento.

Friol a 21 de xullo de 2015.- O Alcalde

R.3003